



# Experiencias coa ciencia no día a día da aula



# O día a día da aula

- \* Son experiencias que parten habitualmente dos alumnos
- \* Partimos sempre da observación de feitos físicos que suceden na natureza, que dan lugar a preguntas .
- \* As preguntas sobre estes fenómenos xorden dos diálogos grupais por parte do alumnado
- \* Artellamos unha estratexia para poder “respostar ás preguntas”.

# Por que está branco o patio?

- \* Xorde a partir da aportación de varios alumnos/as na asamblea, que aseguran que o patio está de cor branca.
- \* Formulamos hipóteses sobre cal pode ser a causa deste fenómeno
- \* Observamos o fenómeno e explorámolo sensorialmente (empregando tódolos sentidos posibles)
- \* Levamos a cabo un experimento para confirmar as hipóteses



# Exploración sensorial do fenómeno



Empregámo-los sentidos para explorar as características físicas do fenómeno á vez que xurden as primeiras respostas e novas preguntas

# Analizámo-lo fenómeno na aula



Levamos unha “mostra” á aula e observamos que se converte en auga... xorden as primeiras hipóteses de que pode ser (xeo, neve, néboa...) Buscamos en internet imaxes de cada fenómeno e determinamos que se trata de xeo.

# Demostrámoslo cun experimento



Demostramos que se trata de xeo, e que está feito de auga, levando a cabo un experimento, voltando a conxelar o propio líquido (e máis auga). Formulamos estratexias sobre como levar a cabo o experimento

# A auga cambia de estado



Á hora do recreo o patio voltaba a estar normal pero “mollado”. Exploramos o fenómeno e formulamos hipóteses das causas. De volta á aula observamos que a auga se convertiu en xeo

# Explorando as características do xeo


Coa placa de xeo verificamos que cumpre as características que “exploramos” no patio: está frío, é esbaradizo, “derretese en auga”, non sabe a nada...



Observamos como a calor o desfai



# Rexistrando a experiencia



Dialogamos sobre o sucedido, sacando conclusións, valorando que hipóteses foron as máis acertadas...

Elaboramos un rexistro da experiencia: neste caso do proceso que seguimos para "facer xeo".

# Fotografando flores

- \* Xorde a partir da observación dunha das árbores, que se ven desde a fiestra da aula, que tiña flores
- \* Xorde un diálogo sobre por que apareceron agora e un debate de cantas cores poden ser as flores.
- \* Platexamos diferentes “estratexias” para respostar á pregunta.
- \* Acordamos fotografar as flores que atopemos no patio para poder elaborar un “catálogo” das cores que poden ter.



# Tomando fotografías das flores



Organizados por parellas buscamos no patio as flores que atopabamos, e coa cámara dixital fomos tomando fotografías de todas elas.

# Creando o catálogo de flores

Empregando funcionalmente a escritura elaboramos un catálogo de "cores" das flores que atopamos



# Aplicando o descuberto

Creamos flores das cores que atopamos para poñer na nosa árbore e decorar o corredor.



Traballamos cantidades e figuras xeométricas para elaboralas

# O terrario de vermes

- \* Xorde dun pequeno verme que un compañeiro atopa no patio da escola antes de entrar.
- \* Falamos sobre el na assemblea e xorden preguntas sobre a súa vida
- \* Propoño que observemos como “vive” un verme nun terrario.
- \* Como estratexia de traballo acordamos buscar información sobre como facer un terrario e que os deixaremos “libres” despois duns días.



# Observando ós vermes



Atopamos a información nas “instruccións” do terrario, alí indicaba que materiais precisaríamos.  
Escribimos, funcionalmente, unha listaxe dos materiais que iamos necesitar.

# Xuntando o material seguindo a listaxe



Seguindo as instrucións buscámo-la terra para o noso terrario debaixo das árbores



# Preparando o terrario




Seguindo a información fomos construíndo o terrario con capas de diferentes “tipos de terra” que exploramos sensorialmente.

# Buscando vermes e pedindo axuda



Buscamos vermes seguindo o que indicaba a información no patio do colexio. Escribimos unha carta que enviamos ós diferentes cursos pedindo axuda.

# Investigamos sobre os vermes e outros animais



Partindo dos coñecementos previos e dunhas preguntas concretas iniciamos unha investigación cun “pequeno proxecto de traballo”. Falaremos dese tipo de tarefas (os proxectos de traballo” no seguinte bloque)

# Sementando e observando o crecemento das prantas

- \* Xorde como unha tarefa planificada como U.D.I. polos mestres de infantil




- \* Sementaremos diferentes prantas ó longo do curso
- \* Cada neno/a é o encargado de sementar e coidar a planta que lle toca
- \* Elaboraremos unha serie de paneis onde facer o seguimento do crecemento da pranta

# Preparando as plantacións



Despois de de dialogar sobre o tema, elaboramos unha listaxe do material que acordamos iamos precisar, empregando dun xeito funcional a escritura. Tamén “limos” o que poñía nalgúns dos paquetes de sementes

# Comezamos a sementar



Elaboramos os nosos testos a partir de botellas valeiras, que previamente pedimos ás casas escribindo unha "carta". Iniciamos un rexistro de control de quen sementara e quen non.

# Os paneis de seguimento de cada plantación



O encargado de sementar elabora o panel de seguimento da súa plantación e un dossier sobre a planta que lle corresponde

# Curiosidades sobre as prantas e dossier persoal



O responsable de cada planta trae da casa, coa axuda das familias, curiosidades sobre ela que comparte cos compañeiros e inclúe no panel. Cada un vai engadindo cada unha das plantas novas no seu dossier persoal



# Observando, medindo, aprendendo



Cada mes, con cada nova plantación, medimos canto medrou cada unha e anotámolo no panel e no dossier de seguimento. Exploramos sensorialmente as sementes novas para incluílas tamén no dossier persoal

# ..pero non todo sae como se pensa



Despois das vacacións de Nadal varias da plantas estaban secas... iniciamos un diálogo plantexando hipóteses e contrarréplicas de cal sería a causa... finalmente acordamos que tivo que ser por mor do frío que fixo... pero algunhas foron "máis fortes" e sobreviviron.

C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño

Aula Virtual Galería fotográfica

Buscar

Acceso rápido

inicio correo reloxo

Iniciar sesión: Accede co teu contrasinal

alumnado mestres/as familias zona Abalar

Matricula

Matricula información e impresos

Servidor do centro

Servidor Abalar do centro

Portada

- inicio
- aviso legal (1)
- zona interactiva (70)
- Formación docente

Educativo

- Plans e Proxecto Educativo
- Libros de texto
- Horarios e calendario escolar
- Matriculación

O Centro

- Secretaría
  - Documentos (5)
  - Lexislación (4)
- Datos destacadas (0)
- Coñece o noso centro
  - Instalacións
  - Onde estamos?
  - Organigrama (3)
- Taboleiro de anuncios (62)

Inicio infantil

Menú do recanto infantil

FOTOS XOGOS VIDEOS BIBLIOTECA DICCIONARIO CALENDARIO

RECEITAS FAMILIAS

e-mail: [infantilcampolameiro@gmail.com](mailto:infantilcampolameiro@gmail.com)

» APIs de Blogue

Escolle o blog de cada unha das dúas aulas... infantil

Taboleiro de anuncios

04/11/14: Disponible formulario para presentar candidaturas ás eleccións ó Consello Escolar

21/10/14: Publicado documento informativo sobre a constitución da xunta electoral para as eleccións ó Consello Escolar

11/08/14: Publicada a orde que regula a aplicación en 1º, 3º e 5º para o curso 14/15

Ler tódolos anuncios

Recanto de infantil

INFANTIL

Estas experiencias máis explicadas e outras moitas en  
<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantonioocervino>

**CC-BY-NC-SA**



**CC:** Creative Commons  
**BY:** recoñecemento do autor  
**NC:** non comercial  
**SA:** compartir igual